

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 23 de xuño de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 23 de xuño do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Luisa María Sánchez Méndez*, *Roberto José Álvarez Carrero*, *María Nava Castro Domínguez*, *Jorge Cubela López*, *Ricardo Martínez Chantada*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Carlos Cuadrado Romy*, Secretario Xeral, e está presente a Interventora Acctal., *Susana Escaloni Varela*.

Non asiste o deputado *Rafael Domínguez Artime*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta* e *María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35359.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 13 de xuño de 2025.

2.35360.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2025, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E SOCIAL” (EXPTE.2025018817)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm.3.8316, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2025.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 27/03/2025, con rexistro núm. WEB2025022164, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2025, petición do Concello de Cambados na que solicita unha subvención por importe de 87.472,76 euros, con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social” (Expte.:2025018817).



- En data 26/05/2025, con rexistro núm. WEB2025040183, remítense corrixidas as propostas orientativa de varias actividades que presentaban incidencias no momento da solicitude de subvención.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2025 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
XI Xornadas de viños espumosos Rías Baixas	12.039,50 €	12.039,50 €
Publicación do libro “As escolas dos pósitos. No centenario do pósito de Cambados”	7.702,00 €	7.702,00 €
Clownbados 2025	7.260,00 €	7.260,00 €
III Feira produtorAs en feminino 2025	16.492,30 €	16.492,30 €
Iniciativas turísticas 2025	9.328,46 €	9.328,46 €
Proxecto xuvenil Guardiáns da terra	5.045,00 €	5.045,00 €
Carreira 10K vila de Cambados 2025	5.203,00 €	5.203,00 €
Actividade servizos sociais 2025	7.160,00 €	7.160,00 €
Programa de posta en valor dos miradoiros e espazos naturais de Cambados	7.199,50 €	7.199,50 €
Xantar de confraternidade da LXXIII Festa do viño albariño	10.043,00 €	10.043,00 €
TOTAL	87.472,76 €	87.472,76 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 03/06/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/06/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cambados*, CIF:P3600600E, a cantidade de 87.472,76 euros con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social*” (Expte.:2025018817), cun orzamento polo mesmo importe para levar a cabo as seguintes actividades:

	Orzamento	Subvención
XI Xornadas de viños espumosos Rías Baixas	12.039,50 €	12.039,50 €
Publicación do libro “As escolas dos pósitos. No centenario do pósito de Cambados”	7.702,00 €	7.702,00 €
Clownbados 2025	7.260,00 €	7.260,00 €
III Feira productoraAs en feminino 2025	16.492,30 €	16.492,30 €
Iniciativas turísticas 2025	9.328,46 €	9.328,46 €



Proxecto xuvenil Guardiáns da terra	5.045,00 €	5.045,00 €
Carreira 10K vila de Cambados 2025	5.203,00 €	5.203,00 €
Actividade servizos sociais 2025	7.160,00 €	7.160,00 €
Programa de posta en valor dos miradoiros e espazos naturais de Cambados	7.199,50 €	7.199,50 €
Xantar de confraternidade da LXXIII Festa do viño albariño	10.043,00 €	10.043,00 €
TOTAL	87.472,76 €	87.472,76 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.3.8316 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 27 de decembro de 2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2025 (disponíbles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2026. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

3.35361.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “INTERVENCIÓN NO CENTRO CULTURAL DE HIO” (EXPTE.2025020631)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 01/04/2025, mediante rexistro WEB2025024206, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de CANGAS* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 124.531,49 euros, co obxecto do financiamento da actuación “INTERVENCIÓN NO CENTRO CULTURAL DE HIO”, en base a un orzamento polo mesmo importe.



- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade, uso, xestión e competencia do ben sobre o que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, ademais da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
A devandita autorización e o acordo ou resolución de aprobación do proxecto que figura no expediente, serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 07/05/2025 (referente ao proxecto con rexistro de entrada WEB2025032751 e CSV: B165BB4NUWT7J1R6), e da xefa do servizo de Cooperación, de data 08/05/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 15/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF: P3600800A, unha subvención por importe de 124.531,49 euros co obxecto do financiamento do investimento “INTERVENCION NO CENTRO CULTURAL DE HIO” (exp: 2025020631)”, cuxo orzamento ascende a 124.531,49 euros.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude así como o acordo ou resolución de aprobación do proxecto que figura no expediente. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cangas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.35362.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN PARQUE MULTIOCIO DA PESQUEIRA” (EXPTE. 2025021340)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025024727, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de Mos* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 125.000,00 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Ampliación parque multiocio da Pesqueira*”, en base a un orzamento polo importe de 507.575,75 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Fondos propios
507.575,75€	125.000,00€	382.575,75€

O *Concello*, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso importe das Liñas 3 e 4 á Liña 1

- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 12/05/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 27/05/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/06/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mos* CIF P3602600C a cantidade de 125.000,00 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Ampliación parque multiocio da Pesqueira*” (expediente: 2025021340), en base a un orzamento (CSV: OHBTQU2SGJKVE09K) polo importe de 507.575,75 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Fondos propios
507.575,75€	125.000,00€	382.575,75€

- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executadas a 31 de decembro de 2026 e xustificado a 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Mos*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



5.35363.-

CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O ROSAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA DO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA E REFORMA INTERIOR DO AUDITORIO MUNICIPAL”(EXPTE.2025019914)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 31/03/2025, mediante rexistro WEB2025023753, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de O ROSAL na que, acolléndose ao disposto nas bases 1º e 23º das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 214.863,30 euros, co obxecto do financiamento dos honorarios técnicos por importe de 19.965,00 euros e da aportación municipal ao Plan Provincia Extraordinaria - Plan Extra por importe de 194.898,30 euros do investimento “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA E REFORMA INTERIOR DO AUDITORIO MUNICIPAL” cun orzamento por importe total de 914.863,30 euros.

En data 24/04/2025, mediante notificación NOT2025009307, o servizo de Cooperación desta Deputación Provincial de Pontevedra requírelle ao concello de O Rosal, a efectos de reformulación da súa solicitude por non coincidir en conceptos e importe o orzamento presentado (914.863,30 euros) co importe do orzamento da solicitude do Plan Extra (894.898,30 euros.)

En data 15/03/2025, mediante rexistro WEB2025037002, o *Concello de O Rosal* reformula a solicitude quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas (Plan Extra)	Fondos propios do Concello
894.898,30€	194.898,30€	700.000,00€	0,00€

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación; precisando que a execución deste investimento así como a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan +Provincia 2025
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 01/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 19/05/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de O Rosal*, CIF: P3604800G, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investimentos, por importe de 194.898,30 euros co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra. do investimento “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA E REFORMA INTERIOR DO AUDITORIO MUNICIPAL” (expediente nº: 2025019914), cuxo orzamento ascende 894.898,30 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
894.898,30 €	194.898,30 €	700.000,00 €	0,00 €



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue, coa primeira xustificación do gasto realizado, a autorización do servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como o decreto ou o acordo de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada.
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº 206 do 22/10/2024)
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Rosal*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.35364.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO
DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA TRAIL “ENTRE
CASTELOS RÍAS BAIXAS” (EXPTE.2025004601)

Resultando.- Que respecto ao ámbito competencial, as actividades da Deputación de Pontevedra, e esta en concreto, baséanse na cooperación e no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial, tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local, en tanto que contará coa participación dos axentes turísticos (públicos e privados) e a poboación local da provincia de Pontevedra.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo Rías Baixas, desenvolve a promoción dos recursos e infraestruturas turísticas do destino Rías Baixas, a través da organización e realización de accións encamiñadas a atraer o turismo, a realización de accións e xestións que contribúan a mellorar a comunicación da imaxe de marca do destino Rías Baixas, entre outros.

O Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Pontevedra configúrase como unha ferramenta fundamental para levar a cabo unha serie de accións que teñen como obxectivo reforzar a promoción do destino, con actuacións prioritarias de cara a mercados consolidados e novos que se consideren estratéxicos para o destino, así como as canles de promoción a empregar.

Neste sentido, e co obxectivo da promoción turística do destino Rías Baixas, faise necesario pór en marcha unha serie de instrumentos, entre os que destaca o Plan de Comunicación dos castelos de Soutomaior e Sobroso, seguindo as estratexias marcadas no Plan Estratéxico Rías Baixas Turismo 61 e as directrices que marque o servizo de Turismo Rías Baixas.

Segundo o establecido no citado Plan de Comunicación, a acción a desenvolver neste contrato ten por finalidade a promoción dos citados castelos, mediante accións dirixidas á ampliación da oferta turística da provincia de Pontevedra, situando no mapa os castelos e as súas respectivas contornas como destinos de gran interese histórico, cultural e turístico, uníndoos conceptualmente e atendendo ás súas necesidades individuais, resultando deste xeito xustificada a idoneidade do seu obxecto, en cumprimento do disposto no artigo 28 da LCSP.



Resultando.- Que os traballos a realizar o obxecto do contrato son necesarios para a prestación dun servizo que, para o seu desenvolvemento, require de medios materiais necesarios para poder levalo a cabo con tódalas garantías e seguridade precisas. Polo que é necesario acudir a empresas do sector que posúan capacidade para realizar este tipo de servizo, debido á non disposición dos medios necesarios, por parte da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que, en base ao exposto, con data 06 de febreiro de 2025, a xefa do servizo Turismo Rías Baixas, co visto e prace da deputada delegada, emite providencia de inicio pola que se propón a contratación do servizo de organización e execución do programa trail "Entre castelos Rías Baixas". Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 19 de marzo de 2025, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 27 de marzo de 2025, e as observacións contidas no mesmo (CSV: NE5LB1OGS3LNWAIJ).

Resultando.- Que visto que, con data 01 de abril de 2025, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que con data 09 de xuño de 2025, pola xefa do servizo Turismo Rías Baixas, emítese informe complementario, polo que se introducen correccións na providencia de inicio (CSV: 4455L7J5WTVDP6). Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 10 de xuño de 2025 (CSV: TYDDQL43OCYOYODVM), coas seguintes observacións e recomendacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense criterios avaliábles mediante xuízo de valor. A este respecto sinalar que con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Nos criterios avaliábles mediante un xuízo de valor en xeral, debe estar perfectamente definido o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na valoración. Polo que, no informe técnico de valoración das ofertas deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio”



Resultando.- Que visto que con data 10 de xuño de 2025, a Intervención emite os documentos de retención de crédito número 12025000109180, polo importe de 28.079,32 euros, e RC número 12025000109181, polo importe de 26.463,25 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 25/433.3360.226.09 e 25/433.3363.226.09 do vixente orzamento provincial, respectivamente.

Resultando.- Que tendo en conta que, na mesma data, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos, encadrado no tipo previsto no artigo 312 LCSP, regulador dos contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo) sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

O réxime xurídico determínase mediante a aprobación das bases reguladoras do programa trail “*Entre Castelos Rías Baixas*” (RP nº 2025004593, de data 03 de xuño de 2025) constituíndo estas o réxime xurídico regulador das prestacións en favor dos administrados, xunto coas consideracións sinaladas no PPT.

Considerando.- Que de acordo co disposto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando.- As prescricións contidas no artigo 312 LCSP, de aplicación aos contratos cualificados como de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía.

Considerando.- Que tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando.- Que por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de organización e execución do programa trail "Entre castelos Rías Baixas"*”. O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 54.542,57 € (IVE engadido), que se desagrega como segue:

Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe total (co IVE)
45.076,50 €	9.466,07 €	54.542,57 €

O régime xurídico que resulta de aplicación nesta contratación determínase mediante a aprobación das bases reguladoras do programa trail “*Entre Castelos Rías Baixas*” (RP nº 2025004593, de data 03 de xuño de 2025) constituíndo estas o réxime xurídico regulador das prestacións en favor dos administrados, xunto coas consideracións sinaladas no PPT.

O valor estimado é de 180.306,00 €

O prazo de duración irá desde a data de formalización do contrato ata o día 31 de decembro de 2025, tendo en conta os seguintes prazos de execución parciais, coincidentes coa celebración das probas deportivas:

- Carreira infantil ENTRE CASTELOS RÍAS BAIXAS: 4 de outubro, pola mañá.
- Andaina ENTRE CASTELOS RÍAS BAIXAS: 5 de outubro pola mañá.
- Trail ENTRE CASTELOS RÍAS BAIXAS: 5 de outubro pola mañá.

Calquera cambio ou modificación na organización ou desenvolvemento do evento terá que ser previamente comunicado ao Servizo de Turismo Rías Baixas, que se reserva o dereito a proceder unha vez recibida a comunicación.

No caso de que, por mor de circunstancias sobrevidas, fose necesario adiantar ou adiar os días ou horas de celebración das probas, arriba indicadas, comunicárase ao Servizo de Turismo Rías Baixas, que se reserva o dereito de proceder unha vez recibida a comunicación.

Contéplanse 3 posibles prórrogas, cun prazo de duración de 1 ano natural cada unha. No caso de aprobarse, o prazo de execución das eventuais prórrogas será fixado polo servizo de Turismo Rías Baixas, dentro dos mesmos períodos do ano considerados no contrato inicial.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: Z0NURF2TR7P3KSIK) e de prescricións técnicas (CSV: TDTICQ673S63FWL6) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 54.542,57 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	25/433.3360.226.09	28.079,32 €
2025	25/433.3363.226.09	26.463,25 €



4.- Nomear responsable do contrato a Ruth González Reyes, xefa de do servizo Turismo Rías Baixas ou persoa en quen delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

7.35365.- DECLARACIÓN DE PROHIBICIÓN DE CONTRATAR Á EMPRESA, MONCOSA OHS, S.A., POLA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)”(EXPTE.2025013581)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 19 de maio de 2023, adxudicou, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” á empresa Moncosa OHS, S.A. (CIF A15050958).

O contrato adxudicouse polo prezo total de 268.973,62 euros, e prazo de execución de catro meses, contados desde a sinatura da acta de comprobación do replanteo, que se realizou o 29 de xuño de 2023.

Visto que, mediante acordos da Xunta de Goberno, de 10 de novembro de 2023 e de 16 de febreiro de 2024, concedeuse á empresa dúas ampliacións do prazo de execución, establecendo como data límite para finalizar a obra o 8 de marzo de 2024.

Visto que, con data 15 de marzo de 2023, o director da obra anotou no libro de ordes diversas instrucións para o contratista relativas á execución das unidades de obra que quedaban por executar.

En particular, se lle advertiu tanto verbalmente como por escrito que non se autorizaba o asfaltado da estrada no p.q. 0+530, mentres o contratista non rematase o muro da marxe esquerda a p.q.+ da ponte. Recolleuse tamén que o muro de contención do terraplén debería alcanzar a cota da zahorra, así como cal debía ser a súa lonxitude. Ademais, a zahorra debería alcanzar resultados favorables nas placas de carga previo ao asfaltado, advertindo de que de rematar a obra sen atender ás instrución da Dirección de obra, a acta de recepción sería desfavorable.

Recordouse tamén que a obra atopábase fora do prazo de execución, conlevando a demora na execución por causa imputable ao contratista, a imposición das respectivas penalidades establecidas na normativa de contratación.



Segundo consta no libro de ordes, o contratista, con data 25 de marzo de 2024, procedeu ao asfaltado da estrada na zona da ponte do p.q. 0+530, incumprindo a prohibición expresa de facelo dada pola dirección de obra en reiteradas ocasións, tanto por escrito coma verbalmente. Asemade, no momento en que se asfaltou a estrada, o muro seguía sen estar rematado, e a zahorra seguía sen cumprir os valores mínimos, polo que se lle du a instrución de retirar o aglomerado estendido, substituír a zahorra por unha máis ampla e terminar o muro de contención segundo o indicado na folla nº1 do libro de ordes.

Visto que, en resposta aos incumprimentos postos de manifesto tanto nas actas de recepción, de 21 de maio e 30 de xullo de 2024 (CSV: ZCTDXETPMZAILDP e RR08QMGZ4TOG7QYJ), como nos informes do director de obra, de 14 e 22 de maio, 1 de agosto e 18 de setembro de 2024 (CSV: A1LZSRKOKI71819H, 61ZJPD282VN12506, ZACSJXDMEQ9KAZLJ e 8VXHLOR4ZNNBUO61), a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, de acordo co Consello Consultivo de Galicia (Ditame 423/2024, de 5 de febreiro de 2025), resolveu o contrato ao abeiro dos artigos 243.3 e 211.1 f) da LCSP.

Na mesma sesión, o órgano de contratación iniciou os procedementos de incautación de garantía e declaración de prohibición de contratar con esta Administración por un período de tres anos, concedéndolle audiencia.

Visto que, no trámite de audiencia, Moncosa OHS, S.A. presenta escrito de alegacións (Rexistro entrada WEB2025017904, de 14/03/2025), no que manifesta o seguinte:

“Terceira.- En relación coa prohibición de contratar por un período de tres anos.

(...) Tendo en conta do indicado nos artigos anteriores, considera esta parte que o pretender impoñer unha prohibición de contratar a esta contratista polos feitos acaecidos en relación coa execución do contrato de referencia é unha medida absolutamente desproporcionada. Preténdese ademais impoñer polo prazo máximo previsto legalmente, isto é, por un período de tres anos, o cal resulta notablemente excesivo tendo en conta dos defectos na execución e da causa que motivou a resolución do contrato, como sinalamos nas alegacións precedentes.

A imposición dunha prohibición de contratar e, é máis, incluso a incoación do procedemento mesmo é independente da resolución do contrato.

Que se resolvera o contrato, cuestión que esta parte entende non resulta debidamente xustificada tendo en conta de que non se incumpriu a obrigaón esencial do mesmo, non implica a obrigaón de impoñer de maneira automática unha prohibición de contratar coa Administración nin moito menos coa duración pretendida.

No presente caso, a imposición dunha prohibición de contratar por un período de tres anos resulta absolutamente desproporcionada en relación cos parámetros para ter en conta para a súa imposición cales son: o alcance da situación xerada e o prexuízo efectuado ao órgano de contratación. Ambos os parámetros non se dan no presente caso, a situación xerada é un defecto valorado mesmo pola propia Administración como falta leve e o prexuízo ocasionado ao órgano de contratación é inexistente.

Non houbo dolo, mala fe nin prexuízo aos intereses públicos por parte da contratista MONCOSA OHS S.A.

Non hai por tanto razóns que xustifiquen a imposición dunha prohibición de contratar cando non se dan os orzamentos necesarios para iso.”



De conformidade co informe do xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de 11 de xuño de 2025 (CSV: Y658AZT4M5RYQU8R) que, co visto e prace da Secretaría Xeral, considera que procedería desestimar as alegacións formuladas pola empresa, en base aos seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO:

“Único: Respecto á alegación *“Terceira.- En relación coa prohibición de contratar por un período de tres anos”*, na que Moncosa OHS, S.A. afirma que a prohibición de contratar que se pretende impoñer é desproporcionada, porque a infracción constitúe unha falta leve, e non existe perxuízo para a Administración, compre sinalar o seguinte:

En virtude do disposto nos artigos 71.1.b) e 72 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), acordouse o inicio do procedemento para declarar unha prohibición de contratar con esta Administración a Moncosa OHS, S.A. por un período de tres anos, como consecuencia da resolución, por causa imputable ao contratista, do contrato de *“Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”*.

A resolución motivouse no incumprimento grave das obrigacións contractuais, en concreto, pola reiterada desatención ás instrucións técnicas do director de obra, que deu lugar á execución defectuosa dos traballos e á necesaria intervención da Administración contratante para emendar os defectos, asumindo inicialmente os custos das reparacións, que logo se reclamaron ao contratista.

O comportamento do contratista supuxo unha infracción substancial do prego de condicións técnicas e das normas de boa execución profesional, así como un prexuízo directo ao interese público, ao comprometer a funcionalidade e a conformidade técnica da obra executada.

Considérase de especial gravidade que o contratista procedera ao asfaltado da estrada na zona da ponte do P.Q. 0+530, incumprindo a prohibición expresa de facelo dada pola dirección de obra en reiteradas ocasións, tanto por escrito coma verbalmente.

No momento en que se asfaltou a estrada, o muro seguía sen estar rematado, e a zahorra seguía sen cumprir os valores mínimos esixidos pola normativa, polo que houbo que retirar o aglomerado estendido, substituír a zahorra por unha máis amplía e terminar o muro de contención. O custo dos traballos de reparación foron valorados na cantidade de 14.557,13 euros (IVE incluído), segundo informe do director de obra de 12 de febreiro de 2025 (CSV: 4AJQT8AXPAY7QVI6).

A duración da prohibición, fixada en tres anos, establécese conforme ao principio de proporcionalidade, tendo en conta a gravidade da conduta, o dano causado, e o carácter doloso ou gravemente negligente do incumprimento, ao desatender as ordes da dirección de obra, e continuar os traballos a pesar da prohibición expresa de facelo ata cumprir os estándares mínimos de calidade e seguridade.

Este prazo considérase adecuado para garantir un efecto disuasorio, sen ser excesivo.



CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, considérase que procede desestimar as alegacións de Moncosa OHS, S.A. contra o acordo de inicio do procedemento de prohibición de contratar pola resolución do contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”, ao entender que a prohibición de contratar proposta, fixada en tres anos, é plenamente respectuosa co principio de proporcionalidade.

A duración da prohibición ten en conta a gravidade da conduta, o dano causado, e o carácter doloso ou gravemente negligente do incumprimento, ao desatender de forma reiterada as ordes da dirección de obra, e continuar os traballos a pesar da prohibición expresa de facelo ata cumprir os estándares mínimos de calidade e seguridade.

O comportamento do contratista supuxo unha infracción substancial do prego de condicións técnicas e das normas de boa execución profesional, así como un prexuízo directo ao interese público, ao comprometer a funcionalidade e a conformidade técnica da obra executada, polo que se considera adecuada a imposición da prohibición de contratar nos referidos termos.”

Tendo en conta que, segundo o artigo 71.2.d) da LCSP, ademais das previstas no apartado anterior, son circunstancias que impedirán aos empresarios contratar coas entidades comprendidas no artigo 3 da presente Lei, nas condicións establecidas no artigo 73, dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado cunha entidade das comprendidas no artigo 3 da presente Lei. A prohibición alcanzará ás empresas cuxo contrato houbera quedado resolto por incumprimento culpable do contratista das obrigacións que os pregos houberen cualificado como esenciais de acordo con o previsto no artigo 211.1.f).

Tendo en conta que, segundo o artigo 72 da LCSP, nos supostos contemplados no artigo 71.2, o alcance e duración da prohibición deberá determinarse mediante procedemento instruído para o efecto, correspondendo a declaración da prohibición de contratar ao órgano de contratación, sen que o prazo de duración poda exceder de tres anos desde a data de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia. O procedemento para a declaración da prohibición de contratar non poderá iniciarse se transcorresen máis de tres anos desde a data en que fose firme a resolución do contrato.

Tendo en conta que, segundo o artigo 73 da LCSP, a prohibición de contratar afectará o ámbito do órgano de contratación competente para a súa declaración. Unha vez adoptada a resolución correspondente, comunicárase sen dilación para a súa inscrición ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou o equivalente no ámbito das Comunidades Autónomas, en función do ámbito da prohibición de contratar e do órgano que a declarara, producindo efectos desde a data de inscrición no rexistro correspondente (Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia).



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar as alegacións formuladas por *Moncosa OHS, S.A.* (CIF A15050958), respecto á prohibición de contratar, contra o acordo da Xunta de Goberno número 30.33779, de 14 de febreiro de 2025, de Inicio dos procedementos de incautación de garantía e prohibición de contratar, pola resolución do contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” (Rexistro entrada WEB2025017904, de 14/03/2025), polos motivos expostos no informe do xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de 11 de xuño do 2025 (CSV: Y658AZT4M5RYQU8R).
2. Declarar a prohibición de contratar con esta Administración a *Moncosa OHS, S.A.*, por un período de tres anos, contados desde a data da correspondente inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, en base á seguinte causa de prohibición establecida no apartado segundo do artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:
«d) Haber dado lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado cunha entidade das comprendidas no artigo 3 da presente Lei. A prohibición alcanzará ás empresas cuxo contrato houber quedado resolto por incumprimento culpable do contratista das obrigas que os pregos houberen cualificados como esenciais de acordo co previsto no artigo 211.1.f)».
Dita circunstancia trae a súa causa do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, no que, de acordo co Consello Consultivo, resolve o contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”, subscrito con Moncosa OHS, S.A., ao abeiro da causa de resolución establecida no artigo 211.1. letra f) da LCSP, que se refire ao incumprimento das obrigacións principal e esenciais do contrato.
3. Comunicar este acordo ao Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, a efectos de inscrición.

8.35366.- RECLAMACIÓN DE DANOS E PERDAS Á EMPRESA, MONCOSA OHS, S.A. POLA RESOLUCIÓN POR INCUMPRIMENTO CULPABLE DO CONTRATO “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)” (EXpte.2025013247)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 19 de maio de 2023, adxudicou, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” á empresa Moncosa OHS, S.A. (CIF A15050958).



O contrato adxudicouse polo prezo total de 268.973,62 euros, e prazo de execución de catro meses, contados desde a sinatura da acta de comprobación do replanteo, que se realizou o 29 de xuño de 2023.

Visto que, mediante acordos da Xunta de Goberno, de 10 de novembro de 2023 e de 16 de febreiro de 2024, concedeuse á empresa dúas ampliacións do prazo de execución, establecendo como data límite para finalizar a obra o 8 de marzo de 2024.

Visto que, en resposta aos incumprimentos postos de manifesto tanto nas actas de recepción, de 21 de maio e 30 de xullo de 2024 (CSV: ZCTDXETPMAZAILDP e RR08QMGZ4TOG7QYJ), como nos informes do director de obra, de 14 e 22 de maio, 1 de agosto e 18 de setembro de 2024 (CSV: A1LZSRKOKI71819H, 61ZJPD282VN12506, ZACSJXDMEQ9KAZLJ e 8VXHLOR4ZNNBUO61), a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, de acordo co Consello Consultivo de Galicia (Ditame 423/2024, de 5 de febreiro de 2025), resolveu o contrato ao abeiro dos artigos 243.3 e 211.1 f) da LCSP.

Na mesma sesión, acordou iniciar o procedemento para a incautación da garantía de 11.114,61 euros constituída para este contrato, dando audiencia ao contratista e ao avalista.

Visto que, mediante informe de data 12 de febreiro de 2025 (CSV: 4AJQT8AXPAY7QVI6), o director de obra propón o inicio dun procedemento para indemnizar os danos e perdas causados a esta Administración, polo importe de 14.557,13 euros (IVE incluído), correspondente aos traballos de reparación das deficiencias ocasionadas, pondo de manifesto o seguinte:

“(…) Polo tanto, dada a gravidade das deficiencias que presentaba a zahorra artificial e consecuentemente a capa de firme estendida encima da mesma, as cales comprometían a seguridade viaria na calzada, unha vez finalizada a obra e despois de 2 recepcións desfavorables, esta Administración, tomando como base o informe de deflexións do 29/07/2024 da empresa de control de calidade CYE, tivo que proceder por razóns de urxencia (tal e como se indicou que era necesario actuar no mencionado informe ampliatorio do 2º acto de recepción desfavorable) o día 29/08/2024, ó extendido dunha capa adicional de aglomerado de 8 cm a PQ+ da ponte do 0+530 para que o conxunto de capas de firme poidesen cumprir o prescrito na norma 6.3-IC de rehabilitación de firmes para estradas existentes. Para ilo, ademáis dos 8 cm de recrecido a PQ+ da ponte, foi necesario extender unha capa adicional de 5 cm na propia ponte e a PQ- da ponte na lonxitude mínima necesaria para poder dotar de continuidade á estrada de maneira que quedase garantida a seguridade viaria sen escalóns nin quebros bruscos na rasante da estrada. Asimesmo realizáronse as operacións auxiliares necesarias, como os transportes de maquinaria para o asfaltado en quente e fresado, a execución dos fresados precisos para obter a continuidade necesaria no firme que garantise a seguridade viaria, a aplicación de regos de adherencia, a sinalización horizontal e o recrecido das tapas de rexistro no firme.

Os traballos de reparación descritos no parágrafo anterior ocasionaron un sobrecoste á Administración, a cal se viu obrigada a proceder a un extendido de aglomerado para que as capas de firme cumprisen como mínimo a norma 6.3-IC de rehabilitación de firmes para estradas existentes (aínda que xa non fose posible cumprir a norma 6.1-IC de firmes para estradas de nova construción, tal e como se indicou no informe ampliatorio da 2ª recepción desfavorable).



Tal e como consta na certificación de agosto de 2024 do Contrato Derivado do Lote 2-2024 do Acordo Marco de Conservación de Firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, a Deputación realizou, a través do adxudicatario de dito contrato (Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.), a reparación mencionada, supoñendo as unidades de obra exclusivamente referidas á EP-8504 no P.Q. 0+530 un importe de 14.557,13 € iva incluído. A certificación mencionada está incorporada ó expediente co CSV: Q0LDHOJVF4ZA9Y3V, adxuntándose neste informe a modo resumo a parte extractada da certificación que se corresponde coa reparación na estrada EP 8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530:

REPARACIÓN EP 8504 PQ 0+530	POSTA A COTA DE TAPAS (UD)	FRESADO (m2xcm)	MBC (T)	BETÚN (T)	ADHERENCIA (M2)	MARCA VIAL 10 CM (M)	PORTE MAQUINARIA EP 8504 (UD)	IMPORTE TOTAL (E.M.)
Medicións	3	739,00	97,40	4,87	567,16	410,00	1,00	
Prezo	101,65 €	0,46 €	37,98 €	597,71 €	0,43 €	0,42 €	3.500,00 €	
Importe	304,95 €	339,94 €	3.699,25 €	2.910,85 €	243,88 €	172,20 €	3.500,00 €	11.171,07 €

IMPORTE TOTAL	
11.171,07 €	E.M.
10.109,82 €	E.M. CON BAIXA ADX. DO 9,50%
1.314,28 €	13% G.X.
606,59 €	6% B.I.
12.030,68 €	IMP. ADX. SEN IVE
2.526,44 €	21% IVE
14.557,13 €	IMPORTE ADX. CO IVE

É polo que se propón o inicio dun procedemento de indemnización de danos e perxuízos contra a adxudicataria (Moncosa OHS, S.A.), pola reparación realizada por un importe de 14.557,13 €, iva incluído.”

Visto que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 21 de marzo de 2025, acorda o inicio do procedemento de reclamación de danos e perdas a Moncosa OHS, S.A. no importe de 3.442,52 euros, que resultan da diferenza entre os danos e perdas ocasionados a esta Administración, valorados na cantidade de 14.557,13 euros (IVE incluído) segundo o informe do director de obra de 12 de febreiro de 2025 (CSV: 4AJQT8AXPAY7QVI6), e o importe da garantía de 11.114,61 euros constituída para este contrato, en proceso de incautación. No mesmo acordo, concede audiencia á empresa contratista.



Visto que no trámite de audiencia, MONCOSA presenta escrito de alegacións (Rexistro entrada WEB2025030806, de 29/04/2025), no que manifesta o seguinte:

“Primeira.- Nulidade do presente procedemento por nulidade do procedemento de resolución do contrato e subseguinte nulidade do procedemento de incautación da garantía.

(...) Como consecuencia de ese vicio de nulidade no procedemento de resolución do contrato, por haberse omitido o trámite preceptivo de audiencia á avalista na súa condición de interesado, dito vicio de nulidade alcanza necesariamente a este procedemento, que deriva directamente do procedemento de resolución do contrato e da incautación da garantía.

O procedemento de incautación da garantía, que a xuízo desta parte está viciado de nulidade, aínda está pendente de resolución, polo que non procede a reclamación da cantidade aquí reclamada en tanto en canto non se acorde a incautación da garantía de maneira definitiva.”

“Segunda.- Improcedencia material da incautación da garantía e da presente reclamación de danos e perdas. Os defectos na execución da obra non constitúen causa nin para resolver o contrato nin para reclamar danos e perdas.

(...) Á vista do exposto, cabe indicar que MONCOSA OHS S.A. non incumpriu ningunha das obrigacións cualificadas como esenciais no Prego de Contratación, nin tampouco incumpriu a prestación principal do contrato, tendo en conta que a obra executouse na súa totalidade.

As deficiencias existentes en ningún caso poden ser consideradas como causa suficiente para motivar a resolución do contrato, a incautación da garantía e a reclamación de danos e perdas pretendida.

En base a ditas deficiencias a propia Administración sancionou ao contratista cunha calificación de : “falta leve” e polas que se lle impuxo unha sanción de 976,46 euros, sen apreciar na súa comisión culpabilidade ou intencionalidade por parte da contratista na súa realización nin tampouco considerar graves os danos ou prexuízos ocasionados.

Polo tanto, non existindo incumprimento culpable por parte do contratista que poda dar lugar á resolución do contrato nos termos expostos, tampouco procede a incautación da garantía, de conformidade co disposto no artigo 213.3 LCSP, nin a reclamación de danos e perdas pola diferenza.”

De conformidade co informe do xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de 23 de maio de 2025 (CSV: KOAT6U145SIWKIKZ), que, co visto e praxe da Secretaría Xeral, considera que procedería desestimar as alegacións formuladas pola empresa, en base aos seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO:

“Primeiro: Respecto á alegación “Primeira.- Nulidade do presente procedemento por nulidade do procedemento de resolución do contrato e subseguinte nulidade do procedemento de incautación da garantía”, na que Moncosa afirma que o procedemento de incautación de garantía é nulo porque non se concedeu trámite de audiencia á avalista no procedemento de resolución do contrato do que deriva, compre sinalar o seguinte:

O artigo 213.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), establece que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

A incautación da garantía, segundo o artigo 109 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, requirirá audiencia do avalista ou asegurador.



Conforme a estes preceptos, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, acorda resolver o contrato de “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”, subscrito con Moncosa, e, acto seguido, iniciar o procedemento de incautación da garantía, concedéndolle trámite de audiencia a Moncosa e a Caixa Rural Galega Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega, como entidade avalista.

Non se entende a alegación da contratista neste punto, xa que a Administración atende puntualmente os referidos preceptos, procedendo a iniciar o procedemento de incautación de garantía no momento exacto que marca a Lei, isto é, cando se acorda a resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista, e non antes. Momento no que se concede o referido trámite de audiencia á contratista e á avalista.

Segundo: Respecto á alegación “Segunda.- Improcedencia material da incautación da garantía e da presente reclamación de danos e perdas. Os defectos na execución da obra non constitúen causa nin para resolver o contrato nin para reclamar danos e perdas.”, compre sinalar que sobre o incumprimento de Moncosa xa pronunciouse oportunamente o órgano de contratación no correspondente procedemento, que culminou, de acordo co ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, na resolución do contrato.

De conformidade cos artigos 39 e 98.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito Administrativo presumíranse válidos e producirán efectos desde a data en que se diten, salvo que neles dispónase outra cousa. Polo tanto, non procede neste procedemento de incautación de garantía pronunciarse sobre a validez ou non de dito acto de resolución, e dos seus correlativos efectos, sen perxuízo do que se poda dirimir sobre o mesmo en vía administrativa ou contenciosa.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, considérase que procede desestimar as alegacións de Moncosa, por carecer manifestamente de fundamento, dado que, por un lado, no procedemento de incautación de garantía observouse o preceptivo trámite de audiencia á entidade avalista, e por outro, non procede baleirar de efectos o acto administrativo de resolución do contrato sen que a nulidade do mesmo sexa declarada previamente en vía administrativa ou contenciosa.”

Tendo en conta o artigo 213.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), segundo o cal cando o contrato resólvese por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

Visto que a diferenza entre os gastos de reparación ocasionados a esta Administración e a garantía ascenden ao importe de 3.442,52 euros.

Tendo en conta o artigo 113 da LCSP, conforme ao cal para facer efectivas as garantías, tanto provisionais como definitivas, a Administración contratante terá preferencia sobre calquera outro acreedor, sexa cal for a natureza do mesmo e o título do que derive o seu crédito. Cando a garantía non sexa bastante para cubrir as responsabilidades ás que está afecta, a Administración procederá á cobranza da diferenza mediante o procedemento administrativo de apremio, conforme o establecido nas normas de recadación.

Tendo en conta a dilixencia de conformidade da Intervención, de data 12 de xuño de 2025.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar as alegacións formuladas por *Moncosa OHS, S.A.* (CIF A15050958) contra o acordo da Xunta de Goberno número 24.34953, de 21 de marzo de 2025, de inicio do procedemento de reclamación de danos e perdas, pola resolución por incumprimento culpable do contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”, polos motivos expostos no informe do xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de 23 de maio de 2025 (CSV: KOAT6U145SIWKIKZ).
2. Reclamar a *Moncosa OHS, S.A.* o abono do importe de 3.442,52 euros, que resultan da diferenza entre os danos e perdas ocasionados a esta Administración pola resolución do contrato “*Ampliación de obras de drenaxe na EP 8504 Forno-Cernadas no PQ 0+530 e no PQ 4+670 (Concello de Valga)*”, valorados na cantidade de 14.557,13 euros (IVE incluído) segundo o informe do director de obra de 12 de febreiro de 2025 (CSV: 4AJQT8AXPAY7QVI6), e o importe da garantía constituída.
3. Requerir a *Moncosa OHS, S.A.* o ingreso do importe da referida indemnización na Tesouraría Xeral da Deputación de Pontevedra, nos prazos previstos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, contados desde a notificación do presente requirimento:
 - a. Se a notificación realízase entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
 - b. Se a notificación realízase entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

No caso de falta de pagamento en período voluntario, iniciárase a vía de constrinximento.

9.35367.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ELIS MANOMATIC, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO “SERVIZO DE LAVANDERÍA NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (EXPTE.2022063813) (DEVOGARÁN 2025032338)

Por acordo número 17.32480 adoptado pola da Xunta de Goberno, celebrada en sesión ordinaria, de data 24 de marzo de 2023 (CSV.- KXWL074EHGCSAD2), adxudicouse, mediante procedemento aberto o “*Servizo de lavandería no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*”. (Núm. Expte. 2022063813)



Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Elis Manomatic, S.A.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
ELIS MANOMATIC, S.A. (A-08.205.056)	4.035,22€	202300061169	17/03/2023

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Centro Príncipe Felipe (CSV.- JDLBLXEUTE5ZO52M), no cal sinala que “(...) *cabe informar que a empresa ELIS MANOMATIC S.A. (...), cumpriu satisfactoriamente co obxecto do mesmo, realizando a totalidade da prestación, executándose o contrato a satisfacción da Administración e non existindo obrigas pendentes de cumprimento, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.-W7GUK83X4NRNTT5Y), no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da entidade mercantil ELIS MANOMATIC, S.A., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de lavandería no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*” (Núm. Expte. 2022063813), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil ELIS MANOMATIC, S.A. (A-08.205.056), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade BBVA -*Inscrito no Rexistro especial de avais, co nº 0182001071659*-, por importe de catro mil trinta e cinco euros con vinte e dous céntimos (4.035,22 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 17/03/2023, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 2023000061169 (Nº operación 12024000030753).



10.35368.- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS
SANITARIAS DO EXERCICIO 2024 (EXPTE.2025013902)

Advertido un erro no acordo de concesión das axudas económicas de carácter sanitario, adoptado na sesión da Xunta de Goberno do día 14/03/2025, de conformidade co disposto nas Instrucións reguladoras deste tipo de axudas e ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade, rectificar o referido acordo co obxecto de concederlle a D^a Alicia Lago Álvarez a cantidade de 139,49€.

11.35369.- CESES ANTICIPADOS POR XUBILACIÓN DURANTE O EXERCICIO 2024
(AXUDAS SANITARIAS) (EXPTE.2025013902)

De conformidade co disposto na base décimo segunda das Instrucións reguladoras das axudas sanitarias; a Xunta de Goberno acorda por unanimidade dar conta da concesión de axudas sanitarias as persoas que se relacionan no seguinte cadro debido ao cese anticipado por xubilación.

Funcionario/a	Data de xubilación	Resolución Presidencial	Importe concedido
Herminia Torreiro López	12/05/2024	RP 2024003094 do 17/04/2024	60,00€
Javier Rivadulla Vilar	16/05/2024	RP 2024003099 do 17/04/2024	3.173,00€
Manuela Ogando Fernández	26/09/2024	RP 2024007305 do 17/09/2024	201,00€
María del Carmen Salinero Corral	30/09/2024	RP 2024009180 do 29/11/2024	261,00€
Concepción Corona Rodríguez Rodríguez	01/12/2024	RP 2024008647 do 11/11/2024	3.000,00€
María Concepción Cuiña González	11/12/2024	RP 2024003215 do 03/12/2024	129,00€
María Obdulia Suárez Paz	16/01/2025	RP 2025000115 do 13/01/2025	174,00€



12.35370.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES.
2025044179, 2025043432 E 2025042156) (TESOURERÍA)

a) Vista a relación de operacións con número 2025044179 (CSV: KMXH1R0Q8FOGIDLR), que contén 1 operación por un importe de 663,00 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	786,50€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	123,50€
Total líquido	663,00€

b) Vista a relación de operacións con número 2025043432 (CSV: KJ1HJ8BPSCHHXHOA), que contén 1 operación por un importe de 907,50 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	907,50€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	907,50€

c) Vista a relación de operacións con número 2025042156 (CSV: LYFWXE1BCOPZ4T4T), que contén 7 operacións por un importe de 72.191,78 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	72.260,02€
IVE soportable deducible	26,76€
Retencións	95,00€
Total líquido	72.191,78 €



13.35371.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA LEGALIZACIÓN DAS TRAÍDAS DE AUGAS VECIÑAIS (PROGRAMA +NOVAQUA 2025) (EXPTE.2024079745)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación de data 02/06/2025 con CSV HB1M0ZH36COEWUIA, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe antedito da xefatura do servizo de Cooperación e o informe da intervención provincial de data 13/06/2025 con CSV FMUOECGP3HMZQZ2L, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a modificación da base quinta do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da Provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +NOVAQUA 2025) – Expediente: 2024079745 da maneira que segue:

- “A contía desta convocatoria de axudas ascende a trescentos mil euros (300.000,00€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025, imputables contra a aplicación orzamentaria 2025/942.4590.489.07, para gastos correntes”.

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

14.35372.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025) (EXPTE.2024079739)

No expediente consta o informe do xefe do servizo de data 12/06/2025 con CSV GAAX8HVV7Q7AWYB8, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe antedito do Xefe do Servizo de Cooperación e o informe da intervención provincial de data 13/06/2025 con CSV IOANXQF9DR2987DT, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a modificación da base quinta do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan Provincia Comunitaria 2025) – Expediente: 2024079739 da maneira que segue:

- “A contía desta convocatoria de axudas ascende a dous millóns trescentos cincuenta mil euros (2.350.000,00€) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025, imputables contra a aplicación orzamentaria 2025/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais”.



2º.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

15.35373.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) (EXPTE.2024079743)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación de data 02/06/2025 con CSV AHIBK3YGDSMKC99K, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe antedito da xefatura do servizo de Cooperación e o informe da intervención provincial de data 13/06/2025 con CSV HR871EYW2G109DYY, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a modificación da base quinta do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da Provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +AQUA 2025) – Expediente: 2024079743 da maneira que segue:

- *“A contía desta convocatoria de axudas ascende a dous millóns trescentos cincuenta mil euros (2.350.000,00€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025, imputables contra a aplicación orzamentaria 2025/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais”.*

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

16.35374.- CORRECCIÓN DE ERRO NA CANTIDADE RECOLLIDO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 14.35280 DE 30/05/2025, POLO QUE SE CONCEDÍA AO CONCELLO DE A GUARDA UNHA SUBVENCIÓN, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA INTERIOR DE PLANTA PRIMEIRA DE EDIFICIO ANTIGO CONCELLO PARA BIBLIOTECA MUNICIPAL” (EXPTE.2025020717) (COOPERACIÓN)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

Primeiro.- No marco do Plan + Provincia 2025, concedeuse ao concello de A Guarda por acordo da Xunta de Goberno núm. 14.35280 de data 30/05/2025, unha subvención polo importe de 157.376,22 euros co obxecto do financiamento do investimento “Reforma interior de planta primeira de edificio antigo concello para biblioteca municipal” (expediente 2025020717).

Porén, á vista da documentación obrante no expediente e dos informes da xefa do servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, deslízouse un erro material na parte resolutiva, en relación ao importe do orzamento e da subvención solicitada.



Así, ONDE Di:

- Conceder ao *Concello de A Guarda*, CIF: P3602300J, unha subvención por importe de 157.376,22 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma interior de planta primeira de edificio antigo concello para biblioteca municipal*” (expediente: 2025020717), en base a un orzamento (CSV: 41C9B6A2CO6K5FOU) polo mesmo importe.

DEBE DICIR:

- Conceder ao *Concello de A Guarda*, CIF: P3602300J, unha subvención por importe de 157.376,23 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma interior de planta primeira de edificio antigo concello para biblioteca municipal*” (expediente: 2025020717), en base a un orzamento (CSV: 41C9B6A2CO6K5FOU) polo mesmo importe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Consideración

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 12/05/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 13/05/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 19/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Corrixir o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno núm. 14.35280 de data 30/05/2025 no sentido seguinte:

ONDE DI:

- Conceder ao *Concello de A Guarda*, CIF: P3602300J, unha subvención por importe de 157.376,22 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma interior de planta primeira de edificio antigo concello para biblioteca municipal*” (expediente: 2025020717), en base a un orzamento (CSV: 41C9B6A2CO6K5FOU) polo mesmo importe.

DEBE DICIR:

- Conceder ao *Concello de A Guarda*, CIF: P3602300J, unha subvención por importe de 157.376,23 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma interior de planta primeira de edificio antigo concello para biblioteca municipal*” (expediente: 2025020717), en base a un orzamento (CSV: 41C9B6A2CO6K5FOU) polo mesmo importe.

Manter inalterable o resto do contido do acordo arriba referido de concesión de subvención.

Darlle traslado do acordo ao *concello de A Guarda*, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



17.35375.- COMUNICACIÓN

Dar conta de sentenzas, autos, decretos, providencias e resolucións doutras administracións, levadas polo servizo de ASESORÍA XURÍDICA desta Deputación:

SENTENZAS FAVORABLESINFRAESTRUTURAS

1. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 49/24, promovido por D^a. Carla Schick Vieites, contra desestimación de reclamación patrimonial. (Expte. nº 2024018349*

Dada conta que con data 5 de febreiro de 2025 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 49/24 promovidos por D^a. CARLA SCHICK VIEITES, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo que tiveron lugar o día 23/11/20 a consecuencia da irrupción dun teixugo na E.P. 9504, á altura do p.k. 1,8 no termo municipal de Ribadumia, cuantificados na cantidade de 2.695,62 €) na que se desestima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

RECURSOS HUMANOS

2. *Sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, ditada en autos do procedemento abreviado número 215/24, promovidos por D. Julio Araujo Casal sobre materia de persoal. (Expte. nº 2024052406)*

Dada conta que con data 30 de xaneiro de 2025 notificase sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Vigo (ditada en autos de procedemento abreviado número 215/24, promovidos por D. JULIO ARAUJO CASAL contra desestimación por silencio do recurso de reposición formulado contra a Resolución Presidencial de data 8/2/24, aprobatoria da prelación e puntuación dun operario interino de infraestruturas) na que se desestima a demanda no sentido de que se corrixe a puntuación outorgada ó demandante confirmando o nomeamento feito polo Tribunal na persoa de D. Sergio Acuña Barros, defensa que se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

3. *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1^a, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 158/25, dimanante do procedemento abreviado nº 215/24, promovido por D. Julio Araujo Casal, sobre materia de persoal. (Expte. nº 2025011196)*

Dada conta que con data 29 de maio de 2025 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1^a (recaída no recurso de apelación núm. 158/25, promovido por D. JULIO ARAUJO CASAL contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo de data 28 de xaneiro de 2025, ditada no procedemento abreviado nº 215/24, CASAL contra desestimación por silencio do recurso de reposición formulado contra a Resolución Presidencial de data 8/2/24, aprobatoria da prelación e puntuación dun operario interino de Infraestruturas) na que desestima o recurso presentado polo demandante, ratificando a ditada en primeira instancia e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da mesma.



4. *Sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos do procedemento abreviado número 308/23, promovidos por D^a. Nerea Otero Fernández sobre materia de persoal. (Expte. nº 2023063246)*

Dada conta que con data 11 de marzo de 2025 notificase sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra (ditada en autos de procedemento abreviado número 308/23 ó que se acumulou, a medio de Auto de data 14/5/24 o procedemento abreviado número 116/24, do Xulgado contencioso-administrativo nº 2, promovidos por D^a. NEREA OTERO FERNÁNDEZ contra as Resolucións de 31/5/23, pola que se desestima o recurso de reposición presentado en data 10/5/23 contra a resolución de 14/4/23, que á súa vez desestima a solicitude presentada o 16/3/23 sobre recoñecemento como situación xurídica individualizada de funcionarios interinos vinculados a postos vacantes no Servizo de Turismo ou, subsidiariamente, a subsistencia e continuación da relación de emprego, con todos os dereitos profesionais e económicos inherentes ata a súa cobertura polos procedementos legais, deixando sen efecto, a data de finalización establecida na última renovación, e a Resolución de data 22/2/24 pola que se acorda o cesamento da demandante) na que se desestima a demanda e cuxa defensa que se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

5. *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1^a, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 169/24, dimanante do procedemento sobre Derechos Fundamentais nº 317/23, promovido por D^a. Olaia Eiriz Blanco, sobre materia de persoal. (Expte. nº 2024018653)*

Dada conta que con data 2 de maio de 2025 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1^a (recaída no recurso de apelación núm. 169/24, promovido por D^a. OLAIÁ EIRIZ BLANCO contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra de data 16 de febreiro de 2024, ditada no procedemento sobre Derechos Fundamentais número 317/23, contra a resolución de data 8/8/23 desestimatoria das alegacións presentadas fronte á baremación do proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de técnico/a medio da escala de Administración Xeral, subescala de Xestión da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, a cubrir polo sistema de concurso-oposición libre, pertencente á oferta extraordinaria de estabilización da Deputación do ano 2022, na que quedou acreditada a non vulneración efectiva, sufrida pola recorrente en forma persoal, dos seus dereitos fundamentais do art. 14 e 23.2. CE asociada á actuación administrativa obxecto de *litis*) na que desestima o recurso presentado polo demandante, ratificando a ditada en primeira instancia e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da mesma.



CONTRATACIÓN

6. *Sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos do procedemento ordinario número 315/23, promovidos por Projecta Gestión Integral de Proyectos, S.L. sobre materia de contratación. (Expte. nº 2023063079)*

Dada conta que con data 28 de xaneiro de 2025 notificase sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra (ditada en autos de procedemento ordinario número 315/23, promovidos por PROYECTA GESTIÓN INTEGRAL DE PROYECTOS, S.L. contra Resolución Presidencial de data 26/6/23, que desestima o recurso de reposición interposto pola entidade demandante contra a resolución de fecha 16/5/23 impoñéndolle a prohibición de contratar con esta administración) e na que se desestima en parte dita demanda, confirmando a devandita prohibición pero reducíndoa no tempo de tres a un ano e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

COOPERACIÓN

7. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada no procedemento ordinario nº 360/23, promovido polo Concello de O Rosal, sobre materia de subvencións. (Expte. nº 2023070362)*

Dada conta que con data 15 de abril de 2.025 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra recaída no procedemento ordinario nº 360/23 (promovido polo CONCELLO DE O ROSAL, contra o acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 15/09/23, desestimatorio do recurso de reposición presentado fronte ao acordo do mesmo de data 23/06/23 polo que se aprobou a concesión de subvencións para a execución da Axenda 2030-Programa PON2030 que á súa vez desestimou a solicitude de subvención para a “Reurbanización das rúas Estradas Vella e Santiago Ruiz na parroquia de San Miguel de Tabagón” cuantificada na cantidade de 550.397,75 €) na que se desestima a demanda, con imposición de custas por importe de 700,00 € e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza

8. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada no procedemento ordinario nº 362/23, promovido polo Concello de Vilanova de Arousa, sobre materia de subvencións. (Expte. nº 2023070364)*

Dada conta que con data 6 de maio de 2.025 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra recaída no procedemento ordinario nº 362/23 (promovido polo CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA, contra o acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 15/09/23, desestimatorio do recurso de reposición presentado fronte ao acordo do mesmo de data 23/06/23 polo que se aprobou a concesión de subvencións para a execución da Axenda 2030-Programa PON2030 que á súa vez desestimou a solicitude de subvención para a “Renovación da Instalación de Alumeado Exterior”) na que se desestima a demanda, con imposición de custas por importe de 700,00 € e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza



SENTENZAS PARCIALMENTE FAVORABLES

RECURSOS HUMANOS

9. *Sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos do procedemento abreviado número 155/24, promovidos polo Sindicato Nacional de Comisiones Obreras de Galicia, sobre materia de persoal. (Expte. nº 2024038902)*

Dada conta que con data 27 de febreiro de 2025 notificase sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra (ditada en autos de procedemento abreviado número 155/24, promovidos polo SINDICATO NACIONAL DE COMISIONES OBRERAS DE GALICIA contra a desestimación presunta das solicitudes que presentou a demandante en datas 16/11/23 e 5/3/24 de información sobre as funcións dos postos de traballo) na que se desestima parcialmente a demanda no que se refire á obriga da Deputación Provincial de elaborar documentos definitorios de funcións e tarefas dos postos que non contén con eles e obrigando ó ente provincial que lle entregue a demandante unha copia da guía de funcións dos postos de traballo de 2008, das súas actualizacións, se as houbera, así como documentos alternativos nos que se describan as funcións, cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza e orde a cumprimento nos seus propios termos.

INFRAESTRUCTURAS

10. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 164/24, promovido por D^a. Cecilia Alonso Fernández, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos e lesións no termo municipal de Pontevedra. (Expte. nº 2024045124)*

Dada conta que con data 6 de maio de 2025 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 164/24 promovidos por D^a. CECILIA ALONSO FERNÁNDEZ, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en relación cos prexuízos sufridos como consecuencia do sinistro producido o día 16/01/23, na E.P. 0017, á altura do P.K. 0,600 polo afondamento da estrada debido ó colapso dunha taxa, como consecuencia das intensas choivas arrastrando o vehículo da demandante no termo municipal de Pontevedra, cuantificados na cantidade de 7.729,49 €) na que se desestima parcialmente a demanda, concedéndolle á demandante a cantidade de 3.589,90 €, incrementada coa porcentaxe correspondente ao índice de garantía de competitividade desde a data da reclamación en vía administrativa e aplicándose á suma total o interese legal do diñeiro correspondente calculado desde a data de notificación desta sentenza e ata o seu efectivo pago, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación, que non pode interpor recurso ordinario algún por razón da contía.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido parcialmente favorable da citada sentenza.



SENTENZAS DESEFAVORABLESCONTRATACIÓN

11. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 321/23, promovido pola mercantil RESTAURA CAPITAL HUMANO, S.L., sobre materia de contratación. (Expte. nº 2023065737)*

Dada conta que con data 25 de febreiro de 2025 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 321/23 promovido pola mercantil RESTAURA CAPITAL HUMANO, S.L., contra a Resolución de data 10/8/23 que desestima o recurso de reposición interposto contra a Resolución presidencial de data 28/6/23, que declara a prohibición de contratar da demandante con esta Administración por resolución do contrato de “*Asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución das obras de reforzo estrutural da fachada e substitución de carpinterías do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba, de Príncipe Felipe*”) na que se estima a demanda declarando dita resolución non conforme a dereito, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación e contra a que non cabe recurso algún.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

AUTOS, DECRETOS e PROVIDENCIAS FAVORABLES

12. *Auto do Xulgado do Xulgado de Instrución nº 4 de Cambados, recaído nas Dilixencias Previas-Procedemento Abreviado núm. 272/18 promovidos contra D. Benito Dios Otero por un delito de furto. (Expte. nº 2025001676)*

Dada conta que con data 2/01/25 ten entrada nesta Deputación Provincial Auto nº 9/24 (ditado polo Xulgado de Instrución nº 4 de Cambados recaído nas Dilixencias Previas-Procedemento Abreviado nº 272/18, promovidos contra D. Benito Dios Otero por un delito de furto nas instalacións da cancela CAAN, feito ocorrido o día 23 de xuño de 2018, polo que esta Asesoría Xurídica presentou escrito de acusación interesando a imposición da pena de SEIS MESES DE MULTA con unha cota diaria de tres euros e sen perxuízo de adherirse ó que solicite o Ministerio Fiscal) no que se acorda o sobresemento provisional, ó haberse acordado a detención, búsqueda e presentación por requisitoria do denunciado, en canto a medida solicitada non se faga efectiva e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado auto.

13. *Auto do Xulgado do Xulgado de Instrución nº 2 de Pontevedra, recaído nas Dilixencias Previas-Procedemento Abreviado núm. 466/20 por un delito de pornografía infantil. (Expte. nº 2021006849)*

Dada conta que con data 23/12/24 ten entrada nesta Deputación Provincial Auto (ditado polo Xulgado de Instrución nº 2 de Pontevedra recaído nas Dilixencias Previas-Procedemento Abreviado nº 466/20, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento da rolda de prensa subseguinte a Xunta de Goberno de data 17/4/20 por un delito que puidera ser difusión de pornografía infantil) no que se acorda o sobresemento provisional e o arquivo e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do citado auto.



14. Auto do Xulgado do Xulgado de Instrución nº 1 de Pontevedra, recaído nas Dilixencias Previas-Procedemento Abreviado núm. 433/21 por un delito de estafa. (Expte. nº 2021006461)

Dada conta que con data 7/02/25 ten entrada nesta Deputación Provincial Auto ditado polo Xulgado de Instrución nº 1 de Pontevedra (recaído nas Dilixencias Previas-Procedemento Abreviado nº 433/21, en relación coa denuncia presentada pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra relacionado cun presunto delito de estafa ocorrido o día 22/11/20 por importe de 22.093,54 €) no que se decreta o sobreseimento provisional, procedéndose ó arquivo das actuacións, sen perxuízo da súa reapertura co resultado das xestións acordadas en peza separada e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado auto.

15. Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditado na Peza de Nulidade Ordinaria nº 286/22-1 dimanante dos autos de procedemento abreviado número 286/22 promovidos por D^a. Consuelo Sánchez Piña sobre reclamación responsabilidade patrimonial por lesións no termo municipal de Cangas do Morrazo. (Expte. nº 2022060424)

Dada conta que con data 6 de febreiro de 2025 tivo entrada nesta Deputación Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaído na Peza de Nulidade Ordinaria nº 286/22-1 dimanante dos autos de procedemento abreviado núm. 286/22 promovidos por D^a. CONSUELO SÁNCHEZ PIÑA sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por lesións padecidas a consecuencia dunha caída nas proximidades da zona de aparcamento da praia de Nerga o día 25/5/21 no termo municipal de Cangas do Morrazo, na que reclamaba a cantidade de 5.405,77 € de principal mais 454,29 € correspondentes ós intereses legais dende a data en que se produciu a caída o que fan un total de 5.860,06 €) no que se desestima o incidente de nulidade de actuacións promovido polo Concello de Cangas do Morrazo no que se tivo en conta as alegacións feitas en data 18/4/24 pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado auto.

16. Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, tendo por desistido a Ciclope, C.B. nos autos de procedemento abreviado nº 106/24, sobre reclamación de responsabilidade patrimonial. (Expte. nº 2024029959)

Dada conta que con data 13 de marzo de 2025 notifícase Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (ditado en autos de procedemento abreviado nº 106/24, polo que se acordou ter por desistida a CICLOPE, C.B. na demanda interposta contra desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos en vehículo con motivo do accidente ocorrido o día 20/12/22 a consecuencia dunha arqueta sen tapa na E.P. 2204 Sabarís-Belesar, no termo municipal de Baiona e cuantificados na cantidade de 1.732,63 €) e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado decreto.



17. Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, tendo por desistido a D^a. Paula Rial Pérez nos autos de procedemento abreviado nº 359/24, sobre materia de persoal. (Expte. nº 2024080095)

Dada conta que con data 7 de abril de 2.025 notificase Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (ditado en autos de procedemento abreviado nº 359/24, acordando ter por desistida a D^a. PAULA RIAL PÉREZ na demanda interposta contra a resolución presidencial de data 17/10/24 desestimando o recurso de reposición contra a resolución de data 16/08/24 pola que se estima parcialmente a solicitude de realización de tarefas na modalidade de teletraballo, recoñecendo a posibilidade de realizar un día a semana neste réxime en lugar dos dous días solicitados) e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado decreto.

18. Providencia do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 134/24, promovido por D. Juan Gabriel Fernández García De La Rocha, sobre materia de persoal. (Expte. nº 2024037364)

Dada conta que con data 22 de xaneiro de 2.025 tivo entrada nesta Deputación providencia do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 134/24 promovidos por D. JUAN GABRIEL FERNÁNDEZ GARCÍA DE LA ROCHA, contra Resolución Presidencial de data 11/3/24, pola que se acorda dar por finalizada a adscrición provisional en comisión de servizos do demandante no posto de traballo de Xefatura de Servizos de Novas Tecnoloxías, con efectos do día 11/3/24) na que se desestimou o recurso de reposición interposto pola representación do demandante contra a providencia de data 17/1/25 na que se acordaba a inadmisión da testifical do Deputado Provincial D. Jesús Vázquez Almuiña despois das alegacións feitas na vista polos servizos xurídicos da Excm^a. Deputación Provincial.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada providencia.

19. Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, tendo por desistidos a D^a. Ana Sacarrera López e D. Miguel Anxo Serén García nos autos de procedemento abreviado nº 246/23, sobre materia de persoal. (Expte. nº 2023051628)

Dada conta que con data 5 de xuño de 2.025 notificase Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (ditado en autos de procedemento abreviado nº 246/23 -acumulado ós procedementos abreviado nº 162/24 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra e o procedemento abreviado nº 154/24 Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra- acordando ter por desistidos a D^a. ANA SACARRERA LÓPEZ e D. MIGUEL ANXO SERÉN GARCÍA da demanda interposta contra a resolución presidencial de data 15/02/24 pola que se acordou o cese dos demandantes e na que solicitaban o recoñecemento como situación xurídica individualizada de funcionarios interinos vinculados a postos vacantes no Servizo de Turismo ou, subsidiariamente, a subsistencia e continuación da relación de emprego, con todos os dereitos profesionais e económicos inherentes ata a súa cobertura polos procedementos legais) e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado decreto.



18.35376.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

19.35377.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

